

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
Praza da Soidade s/n
Tel.: 982242112
www.museolugo.org
difusion@museolugo.org / info@museolugo.org

Xerencia
Tfno.: 982242112 / 699836883
xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org

Contacto cos departamentos de didáctica dos museos
da Rede Museística da Deputación de Lugo
Museo Provincial de Lugo
Tfno. 982242300 / 982242112

Máis información:




e no sitio web: www.museolugo.org



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA
MUSEO PROVINCIAL DO MAR
PAZO DE TOR



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

SEMANA DOS MUSEOS 2013 REDE MUSEÍSTICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO 13-19 MAIO



MUSEO
PROVINCIAL
DE LUGO



MUSEOS (MEMORIA + CREATIVIDADE)
= PROGRESO SOCIAL



<http://imd.icom.museum>



INTERNATIONAL COUNCIL OF MUSEUMS
CONSEIL INTERNATIONAL DES MUSEES
CONSEJO INTERNACIONAL DE MUSEOS

SEMANA DOS MUSEOS 2013 REDE MUSEÍSTICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO MUSEOS (memoria + creatividade) = PROGRESO SOCIAL

Os museos integrados na Rede Museística Provincial, xestionados desde a área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo, conmemoramos un ano máis o **Día Internacional dos Museos**. Desde 1977, o ICOM propón a celebración desta data o 18 de maio, unha xornada para difundir o importante papel dos museos no desenvolvemento social.

Como cada ano, o ICOM escolle un lema para chamar a atención sobre as relacións entre os museos e a sociedade, e para este ano 2013 o reclamo escollido é *MUSEOS (memoria + creatividade) = PROGRESO SOCIAL*, unha oportuna e necesaria reivindicación, por mor da crise que nos anestesia, da relevancia que a memoria debe ter no desenvolvemento intelixente das culturas do mundo.

O calendario decidiu que este ano coincida esta celebración coa novena edición de **A Noite dos Museos**, unha proposta do Ministerio de Cultura e Comunicación de Francia que desde o 2005 vai gañando adeptos e presenza mediática. Á tardiña, cando chegan as horas nocturnas, os museos abren as súas portas ofrecendo unha percepción diferente dos seus espazos visitables.

Ademais, nesta semana que se prolonga desde o 13 ata o 19 de maio, temos o **Día das Letras Galegas**, o 17 de maio, este ano para homenaxear ao dramaturgo e actor compostelán **Roberto Vidal Bolaño** (1950-1987). Concertos e representacións teatrais, amais de actividades creativas son as propostas que ofrecemos nos catro museos integrados na Rede. E aínda teremos un recuncho, aproveitando que o día 15 de maio é o **Día Internacional das Familias**, para convocar e reunir a todos os que se animen; aos que acumulan, por idade, máis memoria e, e aos que, tamén por idade, aínda teñen o saco baleiro de experiencias.

En definitiva, unha semana, desde o 13 ao 19 de maio, con múltiples propostas para todos os públicos, desde os obradoiros para os máis pequenos, para os adolescentes (*lipdub*, *photocall*) ou para os maiores, concertos, encontros e representacións teatrais, exposicións e experimentos que teñen os nosos museos como escenario. Pero, e, sobre todo, son días, como nos encomenda o lema do ICOM, para a memoria e creatividade, pasado e futuro prendidos (por ti, por todos e todas) polo elo que os pode unir; os museos da Rede Museística Provincial.

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Luns, 13 de maio de 2013

-19:00 h. -Cantando *Cantares Gallegos* (Rosalía de Castro). Interven: **Marica Campo** (retrato de Rosalía de Castro); **Mini** e **Mero**, e a soprano **Alma Selene** (interpretación musical). Promove este acto para conmemorar o 150º aniversario de *Cantares Gallegos* a Asociación Cultural **Mujeres Entretejidas**.

Mércores, 15 de maio de 2013
DÍA INTERNACIONAL DAS FAMILIAS

-16:30 h. -Entre maiores: obradoiro de comunicación, con videoconferencia entre os 4 museos da Rede Museística Provincial.

-18:00 h. -Encontro de familias do **Clube Pequeamigos**. Presentación do **Clube Senior da Rede Museística Provincial**.

-18:30 h. -Concerto de **Jotinho's**.

Venres, 17 de maio de 2013
DÍA DAS LETRAS GALEGAS

-Xornada de homenaxe ao dramaturgo **Roberto Vidal Bolaño**, autor ao que se dedica este ano 2013 o **Día das Letras Galegas**.

-Libros libres

Nesta xornada, a Biblioteca do MPLugo pon a disposición dos amantes dos libros e da lectura exemplares procedentes de expurgo que se expoñerán na bancada inmediata á Sala de Exposicións.

-Photocall

Durante toda a semana que vai do 14 ao 19 de maio, tendo como fondo un modesto escenario, quen o desexe poderá caracterizarse co chapeu e o nariz de pallaso (que identifica a **R. Vidal Bolaño**) e fotografarse cun cartelón coa palabra en galego que máis lle guste. Estas imaxes iranse subindo ás redes sociais da Rede Museística para que, quen o desexe, coas palabras escollidas elabore textos literarios no período comprendido entre o 20 e o 31 de maio.

19:00h.-**Concerto das Letras** -Obradoiro **Fábrica de Sons**, dirixido por Xesús Villarino.

Sábado, 18 de maio de 2013
DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS
E NOITE EUROPEA DOS MUSEOS

-18:00 h. -Entre maiores: obradoiro de comunicación, con videoconferencia entre os 4 museos da Rede Museística Provincial.

-De 19:30 a 21:00 h. -Expresión e artes da palabra na música popular galega
Obradoiro de expresividade oral, dramática e musical que desde diversas manifestacións da música popular galega nos permite explorar a dimensión creativa e comunicativa da palabra. Coordina: **Pepa Yáñez Anllo**.

-21:00 h. -*Lipdub* da Rede Museística
Gravaremos un *lipdub*, ou *dobraxa de labios*, un vídeo musical nun só plano-secuencia no que van participar moitas persoas dobrando en *play-back* o tema "*Logo chega o día*" do grupo **Lamatumbá**. O produto final será difundido a través das redes sociais. Colaboran na gravación os equipos técnicos de *campUSCulturae* da USC. Coordina: **Begoña Rodríguez Cacharrón**.


-23:00 h. -Concerto da Noite dos Museos, Silvia Chigliak. Jazz Standards/Soul.

**OUTROS OBRADOIROS DURANTE
TODO O MES DE MAIO**

-Enrédate nas novas tecnoloxías
Tratamos sobre riscos no uso das TIC por parte dos menores. Ao tempo, daremos a coñecer a rede virtual dos catro museos integrados na Rede Museística Provincial. Xogar, enredar e aprender a usar con sentidiño as TIC. Todos os xoves, de 18:00 a 19:30 h. Para nenos/as de 10 a 14 anos.

-Vén, Mira... é Tempo de Creatividade
De 12:00 a 13:30 h. Para nenos/as de 4 a 14 anos
Obradoiros creativos, tendo sempre como fondo e referencia as coleccións dos nosos museos. Coñecer e experimentar, dialogar ...

EXPOSICIÓNS

-Obxectos para comunicar

Exposición de obxectos escollidos entre os fondos deste museo e que tiveron no seu momento histórico unha función asociado á comunicación entre os seres humanos: bargueños, escribanías ...

-Ben Cho Shey. 50 anos de maxisterio cultural (1918-1968)

Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo (Do 14 de febreiro ao 20 de maio de 2013). Xosé Ramón e Fernández-Oxea (Ben Cho Shey) (Ourense, 1896- Madrid, 1988). Pedagogo, inspector de ensino, xornalista, etnógrafo, arqueólogo, historiador, poeta, folclorista, narrador, lingüista, político comprometido co galeguismo dende a mocidade, republicano e antifascista.